

Ramón Villares: "A cultura galega non se pode medir nos votos do nacionalismo"

Jaureguizar / El Progreso

18/xuño/11

O Consello da Cultura Galega constatou a convulsión, as incertezas e as esperanzas que viven os sectores creativos do país. Decidiu que era tempo de pararse a pensar promovendo unha consulta aberta da que se tirou o informe 'Reflexión estratéxica sobre a cultura galega'.

O presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, está certo de que había motivos para facer unha consulta aos axentes culturais coa finalidade de achegar ideas sobre o que debe ser a cultura galega. «Primeiro, a misión do Consello da Cultura Galega é pensar e debater; segundo, é preciso tomar nota das mudanzas no campo da cultura», sinala.

Que detectaron para poñer en marcha esta iniciativa?

A cultura sempre foi letrada, sobre todo literaria, e hoxe é máis diversa, máis complexa. Percibimos unha situación de crise que non é soamente económica, tamén de modelo de relacións coas institucións. Existe a obriga de pensar sobre como actuar; necesitamos pararnos a pensar para continuar.

Que resposta esperan da sociedade? En principio, non parece moi interesada nestes temas.

Consideramos esa resposta, pero non temos antenas precisas, non somos o CIS para facer enquisas, polo que carecemos dunha percepción directa. Non nos pediron expresamente esta reflexión, pero estaba no ambiente. Foi unha aporta do Consello, quixemos anticiparnos.

Neste momento de que se salve quen poida, os políticos están deixando de lado a cultura.

Pensa que vai interesarlles esta análise?

Tratamos de darlle un aire novo á cultura: usar mellor os recursos e ser máis eficaces con menos diñeiro. É cedo para coñecer a aceptación, pero de entrada é boa. De todos os xeitos, isto depende dos creadores, dos emprendedores e tamén dos usuarios,... Tratamos de establecer un New Deal, un novo contrato que permita entender e propoñer novas pautas para a xestión da cultura a fin de modernizar os sectores e adaptalos aos tempos. As relacións persoais son moi importantes, como tamén o son a radicalidade e a creatividade individual do artista, pero o consumo cultural é un feito social. Pártese desa percepción: non hai que atender so ao que pense o creador, tamén ao que pense o usuario. Veremos se hai eco ou non, porque teñen que levalo a cabo con políticas locais e autonómicas. Hai que ser prudentes.

Os creadores traballan agora inmersos en correntes globais e non tanto na cultura do seu país. O único vencello é a lingua en moitos casos. Ten sentido unha proposta galega?

O creador non está illado, hai un ambiente social, que en Galicia é relativamente grato. Aínda non se explotou a riqueza que ten un xeito de vida tan cómodo, de cidades pequenas e vilas

dispersas, que é capaz de competir con outras alternativas. Un creador pode traballar para Berlín ou Londres vivindo en Galicia... Hai que pensar algo máis que nas catro provincias; non é soamente Galicia, o que sucede no mundo nos afecta. Temos que ter un discurso para non negar o que nos chega nin aceptalo acriticamente.

Considera vostede que agora falta ese discurso que nos guíe?

Hai unha sensación de resignación, de decaemento, de falta de iniciativas. Temos que reaccionar, non podemos deixar isto aos nosos sucesores. Estamos moitas veces na cultura presos de debates moi domésticos, locais, de carácter interno. Isto non acontece unicamente en Galicia, tamén en Francia e Alemaña. Hai que abrirse aínda que sen romper o cordón umbilical, que é o que nos fai fortes para poder explicar o mundo.

A cultura galega sempre se relaciona con elites e co nacionalismo.

Iso é negativo. A nosa cultura está por riba diso, hai moita actividade por riba da política. O nacionalismo político quere apropiarse da cultura, iso é lóxico; pero carece de sentido despachar a porcentaxe de cultura galega en función da porcentaxe nacionalista. Non se pode medir en votos para o nacionalismo. A nosa cultura ten que ser aberta, se se reduce á militancia é algo lexítimo, pero non pode ser unha expresión única.

A promoción exterior é unha das cuestións que máis se analizan no documento do Consello da Cultura Galega. Como deberíamos amosarnos?

No audiovisual, por exemplo, temos empresas fortes grazas á TVG; aparecen bos actores, guionistas e cámaras. Hai grandes empresas que non apostan por isto. Hai pouco falei sobre Zara en Brasil e non saben que é galega nin sequera española. A promoción exterior está invertida.

As figuras que saen, como Tosar ou Rivas, fano con iniciativa privada. Semella que as institucións públicas promoven a creadores, que cambian segundo os cambios políticos.

Iso non é recomendable. En Alemaña son as fundacións as que fan esa tarefa. A cultura alemá está presente con independencia do goberno de cada momento.

Hai quen sinala a escasa variedade de propostas.

O certo é que temos as fabas contadas. Con todo, tampouco saen tantos de vascos e cataláns. Estamo mellor e temos vimbios.

VIABILIDADE

"Se se retiran axudas ao coche ou ao leite hai un problema social; na cultura, non"

A crise e a pirataría son dous atrancos para a mellora da cultura galega, recoñece Ramón Villares. O presidente do CCG parte de asumir que «España é o lugar do mundo onde é máis fácil a procura de cultura gratis».

A redución das axudas públicas e a convición de que non hai que pagar polos produtos culturais van imposibilitar a profesionalización que defende o informe.

Os dereitos dos creadores deben ser recoñecidos, non se trata de ver un poema publicado nun xornal coma hai cen anos. Teño a sensación de que o gratis total vai ser algo temporal; haberá gradación entre certos produtos de cultura, polos que se pagará, e a cultura basura.

Nun mercado coa dimensión e coa escasa protección do noso hai poucos que poidan vivir da cultura.

O sector da cultura representa máis do 2% do PIB, máis ca pesca. Por que non se considera un sector estratéxico e se lle reducen as axudas?

No sector da cultura é máis doado retirar axudas porque está máis desorganizado. Se se retiran as axudas aos automóviles ou ao leite, temos un problema social; se se fai cun premio literario ou unha fundación, non hai esa percepción de que afecta ao noso xeito de vida. Neste sector hai empresas pequenas. O problema da cultura é que se investiu en continentes, en auditorios e polideportivos, e non en contidos.

Temos un continente que condiciona orzamentariamente toda a actividade cultural.

A Cidade da Cultura é un exemplo de iniciativa cultural lanzada sen pensar. Agora está feita e non lle imos poñer unha bomba. Ten a súa utilidade de cara ao turismo e á ordenación da nosa cultura. Hai unha competencia cercana moi dura en Porto e Avilés, polo que Galicia terá que buscar o seu nicho.

Cal podería ser o nicho dun país pequeno coma este?

Estamos no medio de dúas culturas moi poderosas, a lusófona e a hispana, pero podemos converternos en pasarela. Tamén deberíamos aproveitar as comunidades de emigrantes en todo o mundo e o Camiño de Santiago de cara a Europa. Non podemos estar a todo, haberá que elixir unhas iconas e insistir nelas. Arxentina é Borges, non sete ou oito autores. Os turistas van a Barcelona por Gaudí, e Barcelona é moito máis, pero céntranse niso.